

ACA/mam

O SERGAS está realizando unha regulación dun sistema de carreira transitorio, previo ao ordinario previsto na Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (LOPS), que permita o acceso ao recoñecemento mediante graos para o actual persoal estatutario fixo das categorías de diplomados sanitarios do Servizo Galego de Saúde e que no futuro sirva para integrarse no modelo definitivo de carreira.

Este sistema transitorio dará acceso rápido á carreira, xa que no sistema ordinario previsto na LOPS, o persoal terá que superar a avaliación de diversos parámetros, entre eles a actividade, como mínimo en cinco anos, conforme a sistemas regrados de avaliación previo establecemento de sistemas de control.

Tense constituído un grupo de traballo para elaborar unha proposta de sistema de avaliación. Na última reunión fíxose a proposta que de seguido se expón, e que foi recibida con bastante consenso entre os representantes sindicais e que tamén foi contrastada cos equipos directivos:

AVALIACIÓN ACTIVIDADE DE DIPLOMADOS DE ENFERMERÍA:

A.- Común para a enfermía de atención primaria e atención especializada.

B.- Individual, que mida o traballo.

C.- Autoavaliación e posterior confirmación da baremación pola Supervisora ou supervisor, e órganos colexiados nos centros que revisarían as autoavaliacións non confirmadas.

Obxecto de avaliación:

Se terían en conta dous parámetros:

1º.- Cumprimentación da documentación sanitaria: Puntuación por este apartado (por exemplo 20 puntos)

Se graduaría de la seguinte maneira:

Nunca <input type="checkbox"/>	Poucas veces <input type="checkbox"/>	Normalmente <input type="checkbox"/>	Muchas veces <input type="checkbox"/>	Sempre <input type="checkbox"/>
--------------------------------	---------------------------------------	--------------------------------------	---------------------------------------	---------------------------------

Cada parámetro tería un valor

2º.- Outras actividades: Puntuación por este apartado (por exemplo 20 puntos)

Podería incluír: Formación acreditada, participación na organización e en grupos de traballo de mellora, elaboración de protocolos, participación na formación posgraduada.

Estes dos obxectivos (pendentes de desenvolvemento en ítems mais elaborados) terían dos períodos de

aplicación con diferente peso:

Primeiro período: se referirá a xullo 2001 e ata decembro 2005. Poderían pesar o 70% da puntuación mínima a requirir para o acceso ao primeiro grao de carreira.

Segundo período: Os mesmos parámetros que os anteriores ou con modulacións: referidos a xaneiro de 2006 e xuño de 2006, e computarán por exemplo o 30% da puntuación mínima acadar para o acceso a primeiro grao.

Estes parámetros poderían manterse para acadar os seguintes graos nos próximos anos ou ben poden incorporarse parámetros novos de actividade que actualmente se están realizando en enfermería e sexan medibles ou con posibilidade de medir nos próximos anos.